

Circular da Dirección Deportiva de 10 de xuño de 2026

Convocatoria Participación Internacional
COPA DE ÁFRICA PREMIUM DE LARACHE 2026

5 de xullo

A Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno dentro dos seus programas deportivos, ten establecido o apoio a deportistas de interese federativo con licenza galega, pertencentes a clubs galegos, para a súa promoción deportiva nacional e internacional.

Conforme ao anterior e co gallo da celebración da Copa de África Premium de Larache (Marrocos), o próximo 5 de xullo de 2026, convoca ás seguintes deportistas

- DEPORTISTAS

	DEPORTISTA	CLUB	PROBA	CRITERIO
1	NATALIA CASTRO SANTOS	CLUB DEPORTIVO DELIKIA	ELITE	DEPORTIVO
2	MARTA NOVO DIOS	CIDADE DE LUGO FLUVIAL	ELITE	DEPORTIVO

A FEGATRI asumirá custes de Viaxes e voos e as Deportistas faranse cargo do resto de custes a través da formalización da inscrición no programa de tecnificación e rendemento para participar en Copas continentais e do mundo nas tarifas correspondentes. (Deportistas con xestión de tritraxe : 80€ Deportistas que xa teñan tritraxe FEGATRI: bonificada) que levarán consigo a xestión do tritraxe FEGATRI para participar no evento.

Tritraxe oficial World Triathlon da FEGATRI

- Contacto: Adrián (Responsable de menores)
- Tf. 646.609.171
- Email: menores@fegatri.org

- CONSIDERACIÓNS

O acceso a esta colaboración SERÁ INCOMPATIBLE coa solicitude e recepción de axudas para deportistas galegos/as para a súa participación en probas internacionais 2026.

- GUÍA DO/DA ATLETA: <https://events.triathlon.org/2026-africa-triathlon-premium-cup-larache/race-info>

- ASPECTOS DE UNIFORMIDADE

Ao tratarse dunha convocatoria oficial da Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon moderno (FEGATRI), é necesario ir uniformados/as coa equipación oficial e competir co tritraxe oficial FEGATRI.